

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 9 DE AGOSTO DE 2021

Ás 10:05 horas do día 9 de agosto de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 4 de agosto de 2021, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. María Cristina Chao Polo, xefa do Servizo de Festas (asiste aos puntos 2 e 6a)
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 5, 6b, 6c e 10b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en festas 2021" na praza de Compostela (8.804-335)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U.
 2. INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:34	Páxina 1 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD4F-5EDB32-38A4A5-93KMAJ-UWRZ87-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "VIGO EDUCA" (25.172-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 2 e 3 de agosto de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo "Vigo en inglés 2021-2022" (25.031-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 2 e 3 de agosto de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en festas 2021" na praza de Compostela (8.804-335)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliada mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

- EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U.

1.- Propón unha porcentaxe de desconto do 51% a aplicar aos prezos unitarios consignados no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.

2.- Propón unha maior experiencia en traballos de produción de espectáculos ou eventos do seguinte persoal técnico:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:34	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD4F-5EDB32-38A4A5-93KMAJ-UWRZ87-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- Responsable de coordinación/xefe de emerxencias de 8 anos.
- Responsable de backstage (state manager)/xefe de intervención de 8 anos.

3.- Comprométese a achegar as seguintes melloras:

- a) Piano tipo modelo C3 para a celebración do Festival de Música clásica e Jazz.
- b) Maior número de monitores activos coaxial 2 vías 15" para todos os eventos.
- c) Maior número de monitores activos coaxial 2 vías 12", todos os eventos.
- d) Maior número de cabezas móbiles híbridas de 180 W (beam, spot e wash) con protocolo DMX maestro/escravo, apertura foco de 6o a 60o e un mínimo de 20 canais DMX, todos os eventos.
- e) Maior número de tarimas, de tixola altura regulable de 2x1 , todos os eventos.

- INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L.

1.- Propón unha porcentaxe de desconto do 4% a aplicar aos prezos unitarios consignados no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.

2.- Propón unha maior experiencia en traballos de produción de espectáculos ou eventos do seguinte persoal técnico:

- Responsable de coordinación/xefe de emerxencias de 15 anos.
- Responsable de backstage (state manager)/xefe de intervención de 7 anos.

3.- Comprométese a achegar as seguintes melloras:

- a) Piano tipo modelo C3 para a celebración do Festival de Música clásica e Jazz.
- b) Maior número de monitores activos coaxial 2 vías 15" para todos os eventos.
- c) Maior número de monitores activos coaxial 2 vías 12", todos os eventos.
- d) Maior número de cabezas móbiles híbridas de 180 W (beam, spot e wash) con protocolo DMX maestro/escravo, apertura foco de 6o a 60o e un mínimo de 20 canais DMX, todos os eventos.
- e) Maior número de tarimas, de tixola altura regulable de 2x1 , todos os eventos.

Non asiste público á apertura.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Festas do 9 de agosto de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.



b) Procedemento aberto dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "VIGO EDUCA" (25.172-332)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo unitario de viaxe de ida e volta dos desprazamentos escolares
1	AUTOCARES IGLESIAS, S.L.	73,49
2	AUTOS GONZÁLEZ, S.L.	77,00
3	EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L.	69,99
4	SERVICIOS DE AUTOBUSES LAR, S.L.	74,80
5	UTE VDA. DE J. DOMÍNGUEZ, S.L.U. - TRANSPORTES LA UNIÓN, S.A. - AUTO INDUSTRIAL, S.A.U. - CASTROMIL, S.A.U.	84,00
6	VIAJES MELYTOUT, S.L.	75,00

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura D. Iago Bastos Cuña con DNI **.98.23* con DNI **.42.76*, en representación de SERVICIOS DE AUTOBÚS LAR, S.L., D. Fernando García Fontán con DNI **.88.21*, en representación de VIAJES MELYTOUT, S.L., D^a. Estefanía Estévez Alfonso con DNI **.52.51*, en representación de EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L., D. Basilio Iglesias Fernández **.26.21*, en representación de AUTOCARES IGLESIAS, S.L., D. Fidel Martínez Gil con DNI **.26.07* e D^a. María Dolores Álvarez Martínez con DNI **.26.07* en representación de AUTOS GONZÁLEZ, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo "Vigo en inglés 2021-2022" (25.031-332)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador admitido co seguinte resultado:

- NEW LINK EDUCATION, S.L.

- 1.- Propón como prezo unitario por alumno 2.400,00 euros.
- 2.- Propón un incremento de 0 monitores/as por riba do mínimo dos requiridos no punto 4.4.1 da cláusula cuarta do PPT.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:34	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD4F-5EDB32-38A4A5-93KMAJ-UWRZ87-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3.- Propón un incremento da porcentaxe de monitores que acrediten un nivel de inglés superior ao mínimo esixido de B2, segundo a táboa de certificacións establecidas no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER) de 100%.

4.- Comprométese a aportar as seguintes melloras dos requisitos mínimos esixidos para o curso específico de mellora e perfeccionamento lingua inglesa:

- a) Propón un incremento de 0 horas de duración do curso específico de mellora e perfeccionamento lingua inglesa a desenvolver de conformidade co establecido no punto 4.3.2 da cláusula cuarta do PPT.
- b) Propón unha redución de 0 alumnos da ratio alumno/profesor máxima requirida no citado curso específico a desenvolver de conformidade co establecido no punto 4.3.2 da cláusula cuarta do PPT.

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

Atendendo aos criterios para a consideración de baixas con valores anormais recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- do PCAP, compróbase que a única oferta presentada non contén valores anormais, polo que en virtude da cláusula 16.3 do PCAP procede outorgar a NEW LINK EDUCATION, S.L. a máxima puntuación pola súa proposición avaliable mediante fórmula:

	Licitador	Redución do prezo de custe unitario por alumno/a	Aumento de monitores /as	Mellora dos requisitos mínimos esixidos para o curso específico de mellora e perfeccionamento lingua inglesa	% monitores que acrediten un nivel de inglés superior ao mínimo esixido de B2, segundo a táboa de certificacións establecidas no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER)
1	NEW LINK EDUCATION, S.L.	40 puntos	5 puntos	5 puntos	4 puntos
Total					54 puntos

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na proposición avaliable mediante xuízo de valor, a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	NEW LINK EDUCATION, S.L.	46 puntos	54 puntos	100 puntos

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados



a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario urbano (48.950-446)

Retírase este asunto da orde do día.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en festas 2021" na praza de Compostela (8.804-335)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou no punto 6a iniciar o procedemento do artigo 149 da LCSP cun dos licitadores.

b) Procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo "Vigo en inglés 2021-2022" (25.031-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo "Vigo en inglés 2021-2022" (25.031-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	NEW LINK EDUCATION, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEW LINK EDUCATION, S.L. (B-22.210.843), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto e tramitación urxente para a contratación do servizo de actuacións musicais para a execución da actividade ciclo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:34	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD4F-5EDB32-38A4A5-93KMAJ-UWRZ87-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



bandas de música "ao son das festas de Vigo" con motivo do programa "VIGO EN FESTAS 2021" (8.822-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto e tramitación urxente para a contratación do servizo de actuacións musicais para a execución da actividade ciclo de bandas de música "ao son das festas de Vigo" con motivo do programa "VIGO EN FESTAS 2021" (8.822-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 16 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro: Declaración da urxencia do presente expediente.

Segundo: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación urxente do contrato do servizo de actuacións musicais para a execución da actividade Ciclo de bandas de Música "Ao son das Festas de Vigo" dentro do Programa "VIGO EN FESTAS 2021" - Festival de Verán.

Terceiro: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 8 de xullo de 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 9 de xullo de 2021 pola Xefa do Servizo de Contratación do SERVIZO DE ACTUACIÓNS MUSICAIS NO CICLO DE BANDAS DE MÚSICA "AO SON DAS FESTAS DE VIGO" 2021.

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 71.390,00 euros (IVE incluído), e sendo o valor estimado do contrato de 59.000,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo)>>

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 6 de agosto de 2021 adoptou a seguinte



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:34	Páxina 7 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD4F-5EDB32-38A4A5-93KMAJ-UWRZ87-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto e tramitación urxente para a contratación do servizo de actuacións musicais para a execución da actividade ciclo de bandas de música "ao son das festas de Vigo" con motivo do programa "VIGO EN FESTAS 2021" (8.822-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (G-36.855.906), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación:

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar esixida na cláusula 8 do PCAP.*
- 2. O anexo IV do PCAP (nomeamento de delegado e acordo de confidencialidade) esixido na cláusula 22 do PCAP).*
- 3. Así mesmo, deberán presentar o orzamento detallado esixido no apartado 6B do Anexo I -FEC- do PCAP.*

Parte da documentación xa foi presentada no sobre A e outra consta no expediente 8.507-335".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, o día 6 de agosto de 2021, que presenta a documentación requirida ao día seguinte, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de agosto de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:34	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD4F-5EDB32-38A4A5-93KMAJ-UWRZ87-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada pola FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, de conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 5 de agosto de 2021, pola que se outorga ao único licitador admitido a máxima puntuación pola súa proposición avaliable mediante fórmula (cláusula 16.3 do PCAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar á FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (G-36.855.906) o procedemento aberto e tramitación urxente para a contratación do servizo de actuacións musicais para a execución da actividade ciclo de bandas de música "ao son das festas de Vigo" con motivo do programa "VIGO EN FESTAS 2021" (8.822-335) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 59.000,00 euros (exento de IVE).
- b) Incrementa a duración de cada unha das actuacións en 15 minutos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa das Fontás" (707-441)

Retírase este asunto para estudo.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:40 logo dun recesso entre as 10:50 e as 13:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:34	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD4F-5EDB32-38A4A5-93KMAJ-UWRZ87-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:34	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD4F-5EDB32-38A4A5-93KMAJ-UWRZ87-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		